

45.- EXTRACTO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 24 DE OUTUBRO DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- LICENZA DE OBRA.

1.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para tenda e taller de reparación de mecánica rápida “Autocentro”, sito no local exterior 7-B Bis, da ampliación do Centro Comercial Deza con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 13/10/16, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 17/10/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 6.766,24 euros.

1.2.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para obras de acondicionamento de nave para elaboración de cervexa artesá ecolóxica en Lagazós, 19 - Lalín, con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 21/10/16, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 21/10/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por

importe de 273,13 euros.

1.3.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para a restauración da igrexa de Santa Baia de Palio no Concello de Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 20/10/16.

2.- INFORME PREVIO.

2.1.- Acordouse **aprobar o informe do técnico municipal, de data 20/10/16** en relación coa solicitude de licenza para taller destinado a carpintería metálica no lugar de Cobás, 15 – Catasós – Lalín.

3.- EXPEDIENTE DE SOLICITUDES DE PRAZAS NO PARKING “ALDEA GRANDE”.

3.1.- Acordouse a **concesión das prazas** número 26 e 3, en cumprimento do establecido na Ordenanza reguladora do prezo público polo servizo de aparcamento no Parking Aldea Grande.

4.- ALTAS EN AUGA E SANEAMENTO.

Acordouse a acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador presentadas pola empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas, así como a formalización dos correspondentes contratos:

4.1.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa D, núm. 20, baixo, Lalín.

4.2.- Contrato de saneamento na rúa Praza da Torre, núm. 5, 1º A, Lalín.

4.3.- A **Joyería López Romero, S.L**, para contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Principal, núm. 6, baixo, Lalín.

4.4.- Contrato de auga na rúa Joaquín Loriga, núm. 1, baixo, Lalín.

4.5.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Rosalía de Castro, núm. 52, 3º E, Lalín.

4.6.- Contrato de auga e contrato de saneamento no lugar de Donramiro,

núm. 5, 1º B, parroquia de Donramiro, Lalín.

4.7.- Contrato de auga e contrato de saneamento no lugar de A Xesta, núm. 109, baixo, parroquia de A Xesta, Lalín.

4.8.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Praza de Galicia, núm. 7B, 5º B, Lalín.

4.9.- Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa A Habana, núm. 17, 1º B, Lalín.

5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

5.1.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“MELLORAS DE ACCESOS E PAVIMENTACIÓN DE RÚAS EN NÚCLEOS URBANOS DE LALÍN”** mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 352.035,85€, máis a partida de 73.927,53€ correspondente ao IVE e un prazo de execución de 2 meses.

5.2.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“ADQUISICIÓN DE MATERIAIS PARA REPARACIÓN DE PISTAS”** mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, con orzamento máximo de licitación de 37.189,94 €, máis a partida de 7.809,89 € correspondente ao IVE, resultando un importe total de 44.999,83 € correspondente ao IVE.

6.- EXPEDIENTES DE AUTORIZACIÓN PARA POSUIR ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.

6.1.- Acordouse **conceder licenza administrativa municipal para posuír animais potencialmente perigosos**, e inscribir ao animal de raza Pitt Bull Terrier, no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos do Concello de Lalín, co núm. 45.

6.2.- Acordouse **conceder licenza administrativa municipal para posuír animais potencialmente perigosos**, e inscribir ao animal de raza Mastín Napolitano, no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos do Concello de Lalín, co núm. 44.

7.- FACTURAS E CONTAS.

Acordouse **aprobar e declarar de abono a relación de facturas núm. 00136** por importe de 18.469,17 €.

8.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

8.1.- Acordouse declarar que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención concedida ao abeiro da ORDE do 21 de decembro de 2015, e aprobar a conta xustificativa dos gastos realizados no proxecto denominado **“Adquisición de equipamento e mellora do espazo ambiental Río Pontiñas”** por un importe total de 105.632,20 €.

8.2.- Acordouse **aprobar a conta xustificativa de gastos en materia de prevención de incendios forestais nas entornas poboacionais para o ano 2016, por importe de 16.952,30 €.**

8.3.- Acordouse a **aprobación do modelo normalizado de Autoliquidación do Imposto sobre construcións, instalacións e obras** do Concello de Lalín segundo o disposto no artigo 5 da Ordenanza fiscal do Imposto sobre construcións, instalacións e obras que prevé.

8.4.- Acordoues **aprobar a liquidación correspondente Taxa de expedición de documentos administrativos e servizos urbanísticos** por importe de 100,00 €.

8.5.- Acordouse **aprobar a liquidación provisional complementaria correspondente ó Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras** da obra RBTA RBTS VILA-XESTA, 3 por importe de 10,50 €.

8.6.- Acordouse a **concesión da tarxeta de estacionamento** para persoas con minusvalía co número 14/2016.

8.7.- Acordouse proceder á **baixa do vado permanente ubicado no baixo do nº 53 da rúa B.**

8.8.- Acordouse transmitir a **concesión da sepultura núm. 297** do Cemiterio Municipal da Romea a nome de interesado, así como aprobar a liquidación correspondente a concesión de dita transmisión.

8.9.- Acordouse **aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e o Centro Comercial Aberto-Asociación de Empresarios de Deza.**

8.10.- Acordouse modificar o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Lalín, da sesión celebrada o día día 12 de setembro de 2016.

8.11.- Acordouse **solicitar unha prórroga da xustificación da subvención** concedida ao abeiro da Orde do 15 de xuño de 2016.

8.12.- Acordouse aprobar a conta xustificativa presentada polos vintedous (22) beneficiarios da concesión de **bolsas complementarias ao estudo para alumnos/as de centros docentes públicos e privados para o curso 2016/2017**, por un importe total de 1.680,00 euros.

8.13.- Acordouse **reservar a aula do Edificio de Servizos Múltiples** para a realización de dous cursos sobre a utilización de software libre para o cálculo e simulación orientados á resolución de problemas de prototipado e obtención de produtos óptimos.

8.14.- Acordouse **aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Lalín e a Asociación Aspadeza** para o desenvolvemento de prácticas formativas non laborais por dous usuarios do Centro de formación ocupacional desta entidade, participantes no programa de emprego con apoio: “Formación para o Traballo”.

8.15.- Acordouse **aprobar a modificación do VALE 1 por un VALE 2** para unha persoa beneficiaria de bolsas complementarias ao estudo.

8.16.- Acordouse **aprobar a concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 400 € .

8.17.- Acordouse **aprobar a aplicación das tarifas recollidas no artigo 5 da Ordenanza Reguladora da Taxa por Prestación do Servizo de Recollida e Tratamento de Lixo e Residuos Urbanos.**

8.18.- Acordouse **aprobar a baixa** no servizo de axuda no fogar modalidade dependencia de dúas persoas usuarias, e **aprobar a alta** no servizo de axuda no fogar modalidade dependencia para dous usuarios, así como realizar a **ampliación horaria** no servizo de axuda no fogar modalidade dependencia de tres persoas usuarias.

8.19.- Acordouse realizar un **contrato de obra ao abeiro do réxime de contratos menores** coa empresa CONSTRUCCIONES AREÁN DEL DEZA, S.L, e autorizar e comprometer un gasto **por importe de 2.795,10 €** con destino ao contrato de substitución de “Reparación de zonas de fachada e cuberta do Edificio de Vivendas do CEIP Xesús Golmar”, no Concello de Lalín.

8.20.- Acordouse **autorizar o gasto por importe de 8.000,00 €** con destino á programación de actividades para os dous últimos meses do ano 2016, cartos que serán empregados na facturación con diferentes grupos artísticos (contacontos, grupos musicais e teatrais, etc.) para a dinamización durante ese período.

8.21.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 20.388,50 euros (IVE incluído) con destino á **elaboración do “Manual de Procedementos” e da Proposta de Criterios e Procedementos de selección de operacións” preceptivos para a execución da estratexia Lalín SSUMA 21**, e contratar coa empresa “Pricewaterhouse Coopers Asesores de Negocios S.L.” a realización do servizo descrito, de acordo coa proposta remitida pola empresa que se adxunta con suxeición ao réxime de contratos menores de servizos.

9.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.

Quedou pendente para un mellor estudo.

10.- CORRECCIÓN DE ERROS.

10.1.- Acordouse **corrixir os erros** acaecidos nas BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DE DOUS FUNCIONARIOS INTERINOS PARA A EXECUCIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DE CARÁCTER TEMPORAL "MOCIDADE ACTIVA" aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión do día 17 de outubro de 2016.

10.2.- Acordouse **corrixir o erro** acaecido no punto 2.1 do acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do pasado día 3.

10.3.- Acordouse **corrixir o erro** padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 3 de outubro de 2016, no punto 5.11.

10.4.- Acordouse **corrixir o erro** padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 10 de outubro de 2016, no punto 8.1.

10.5.- Acordouse **corrixir o erro** acaecido na sesión celebrada o día 19 de Setembro de 2016 na relación de facturas núm. 00114 por importe total de 981,81 €.

10.6.- Acordouse **corrixir o erro** acaecido no acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de agosto de 2016.

10.7.- Acordouse **corrixir o erro** padecido na Xunta de Goberno Local de data 10 de outubro de 2016, punto 6.2. no apartado 15.

11.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

11.1.- Deuse conta da **Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales** en relación ao recurso interposto fronte aos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares que han de rexer a licitación relativa a contratación do “*Servizo ayuda no fogar na modalidade de prestación básica e para personas en situación de dependencia do Concello de Lalín*”.

11.2.- Deuse conta da **Sentenza 181/2016 do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 de Pontevedra-Procedemento abreviado núm. 66/16**, contra a resolución do 10 de novembro de 2015 do Tribunal Cualificador do proceso de selección para a contratación de dous titores de inserción laboral para o programa integrado de emprego 2015-2016 do Concello de Lalín.
